

COMPRA – VENTA

- Véndense 12 ovelas galegas – 676 388 235 – 982 168 056 – Muras (Lugo)
- Véndese rabaño de 100 ovelas negativas a Paratuberculose e libre de Maedi-Visna – 661 508 269 – Chantada (Lugo)
- Véndese explotación de ovino/caprino: 350 ovelas, 6 carneiros, 215 cabras e 4 castróns. Véndese tamén a maquinaria e as instalacións – 636 469 349 e 636 469 305 – Vilariño de Conso (Ourense)
- Véndese rabaño de 100 ovelas e 100 cabras – 606 132 246 – A Veiga (Ourense)
- Véndese rabaño completo de cabras (53 femias e 3 machos) – 637 108 811 – Maceda (Ourense)
- Véndese unha parella de cabras enanas – 669 268 850 – 606 258 950 – Outeiro de Rei (Lugo)

ADIANTO PAC 2010

Este mes de outubro a Consellería do Medio Rural a través do FOGGA fixo un adianto no pago das axudas directas da PAC. En concreto recibíronse ó redor do 50 % dos dereitos de pago único e dereitos acoplados (nodrizas, cereais,...). Non se adiantou o correspondente ó desacoplamento dos "antigos" dereitos de ovino – caprino.

Conta lembrar que para pagos superiores a 5.000 €este ano vaise aplicar o 8% de modulación.

Para máis información sobre o voso caso, poñédevos en contacto con OVICA

X XORNADAS TÉCNICAS DE OVICA 2010

X Xornadas Técnicas de Ovino e Caprino
27 de novembro de 2010
Salón de Actos da Casa da Cultura
Porto do Son (A Coruña)

POÑENCIAS
O gando no monte: aproveitamento sostible en brezais-toxais
Monte Cabalar: experiencia silvopastoril
Aproveitamentos silvopastoris nos montes galegos
A Consellería do Medio Rural e os proxectos silvopastoris en MVMC

ORGANIZA: OVICA
COLABORA: Concello PORTO DO SON
PATROCINAN: FERROVIAL, GALICIA VIVAS GALICIA

O vindeiro 27 de novembro celebraranse en Porto do Son (A Courña) as X Xornadas Técnicas de Ovino e Caprino organizadas por OVICA. Nesta edición, as Xornadas están centradas no aproveitamento silvopastoril e na posibilidade de xestionar as superficies de Monte Veciñal (C.M.V.M.C.) con gando ovino e caprino.

As ponencias van ser:

O gando no monte: aproveitamento sostible en brezais - toxais

D. Koldo Osoro Otaduy

Area de Producción Animal (SERIDA – Asturias)

Monte Cabalar: experiencia silvopastoril

Francisco Xavier Barreiro Carracedo

Presidente de Monte Cabalar S.C.G.

Aproveitamentos silvopastoris nos montes galegos

Eloi Villada Legaspi

A Consellería do Medio Rural e os proxectos silvopastoris en M.V.M.C.

Representante da Consellería do Medio Rural

Estades todos/as convidados/as!



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 61 OUTUBRO 2010

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

RAZA: LANDSCHAF



A raza Landschaf é orixinaria do sur de Alemaña, concretamente do estado de Wurtemberg. A súa formación tivo lugar mediante o cruzamento de sementais Merinos de España cunha ovella autóctona moi alta e de la longa. A Landschaf está perfectamente adaptada o clima húmido. É unha raza caracterizada polo seu gran tamaño e, polo tanto, pola súa vocación para a produción de carne.

Características xerais

Os animais da raza Landschaff presentan unha cabeza alongada con orellas grandes e caídas. Son acornes tanto os machos como as femias. O tronco é moi longo, co tórax voluminoso e o peito ancho. A grupa é longa, ten un bo desenvolvemento muscular. Os animais adultos teñen un peso entre os 100 e os 130 Kg para os machos, e de 70 a 90 Kg para as femias.

Características produtivas e sistema de explotación

Aínda que trátase dunha raza de dobre propósito (carne – la), o obxectivo principal en España é a produción de carne a través do cruzamento con ovelas de razas autóctonas.

É destacable a súa capacidade para producir canais pesadas, sen perigo de engraxamento.

As calidades máis destacadas desta raza, ademais da súa rusticidade e alta capacidade para adaptarse a distintos medios e sistemas de explotación, é a de ser unha "raza de femias", como frecuentemente é catalogada. Dita condición atópase favorecida polo gran desenvolvemento corporal, as moi boas características maternas e leiteiras de estas ovelas, ademais de dispoñer dun ciclo sexual moi longo.



Dende o punto de vista reprodutivo no ten estacionalidade sexual acusada. A prolificidade desta raza sitúase entre o 120 e o 160 %. A estas características únese un gran instinto maternal e unha boa capacidade leiteira. A lonxevidade media, en España, é de 8 a 10 anos.

A súa principal aptitude, como corresponde a unha raza de gran tamaño e gran velocidade de crecemento, é a produción de carne. A súa velocidade de crecemento pódese apreciar na seguinte táboa:

	Peso medio ós 70 días e ganancias medias diarias	
Sexo	Peso medio ós 70 días	G.M.D. entre 30 e 70 días
Machos	32,9 kg	431 g
Femias	30,0 kg	362 g

Outra das calidades da raza Landschaff, é a súa gran capacidade de adaptación que, unido ás calidades cárnicas que xa se comentaron, fan dela unha raza idónea para o cruzamento industrial con razas autóctonas en medios difíciles.



PROGRAMA DE CRÍA DE MASTÍNS

Este ano dentro do programa de cría de mastíns de OVICA repartíronse 20 cadelos entre os seguintes gandeiros. Grazas ó convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural repartíronse de forma gratuíta.

Recordamos os gandeiros que estean interesados na adquisición dun can mastín para a protección do seu gando, deben poñerse en contacto con OVICA.



NOME	CONCELLO
Adoración M ^a Fernández Cabaleiro	Negueira de Muñiz
Alfredo Márquez Martínez	Xinzo de Limia
Alfredo Ángel Lema Agra	Laxe
Fernando Estévez Estévez	Bande
Jacinta García Pérez	Vilariño de Conso
José Antonio Dacuña Sousa	Lobios
José Francisco Diz	Oimbra
Julio Fernández Díaz	Cervantes
Laura García Soto	Barreiros
M ^a Carmen Carmona Escalona	Ferreira de Pantón
M ^a Luisa Puente Vila	Monforte de Lemos
Marta Rodríguez Losada	Pantón
Matilde Conceição Correia	Outeiro de Rei
Salvador M ^a Ronda Citores	Negueira de Muñiz
Sinda Dobarro Gómez	Lalin
Ubalдина Arias López	Friol
Granxa Educativa Agrogandeira S.L.	Allariz
M. Bermejo y R.Carballo S.C.	Xunqueira de Espadañedo
Pazo de Caldaloba S.L.	Cospeito

IDENTIFICACIÓN

Todos os gandeiros tedes recibido estas últimas semanas unha carta do Conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez Casado na que se explican os cambios no novo sistema de identificación dos animais.

Esta carta, así como a información transmitida pola Consellería (programa da TVG Labranza do 17 de outubro) están enfocadas a explicar a nova situación para os gandeiros de bovino e deixan moitas dúbidas para a súa aplicación no noso caso. Por iso consideramos necesario aclarar os principais puntos do novo sistema de identificación.

Ata agora a identificación dos ovinos e caprinos facíase a través dun dobre crotal de cor amarelo (os dous eran iguais) máis un bolo (identificación electrónica).

A partires de agora a identificación, **para os novos animais**, realizarase cun crotal amarelo (como o que se viña poñendo) máis un crotal electrónico (redondo e cun microchip no interior). Desta forma o bolo desaparece do sistema de identificación.

Recordar que para aqueles gandeiros que tedes pendentes a colocación do bolo (logo do saneamento deste ano), a identificación electrónica destes animais vai ser co seu correspondente bolo. Neste caso non van ser identificados co novo sistema.



A partires de agora a identificación poderase realizar das seguintes formas:

- No momento do saneamento do rabaño, tal e como se viña facendo. Aínda que agora xa se poñerán os 2 crotais (o "normal" e o "electrónico") e os animais quedarán xa perfectamente identificados.
- A través dalgunha das "Entidades Identificadoras". Que aínda non existen pero que xa se acordou a súa creación.
- O propio gandeiro pode solicitar crotais na Oficina Agraria para identificar el mesmo, baixo a súa responsabilidade, e comunicando as altas a través da Oficina Agraria Virtual ou chamando o teléfono 012 (0,40 €/ chamada dende fixo e, de 0,15 a 0,30 € de establecemento de chamada e de 0,20 a 0,60 € por minuto, dende móbil dependendo da compañía).

Queremos recordar que a lexislación vixente obriga a ter identificados todos os animais non destinados a matadoiro (a recría) a partires dos 6 meses de idade.

Para máis información poñédevos en contacto con OVICA.

Proxecto WOLF

WOLF: "Wild Life & Farmers" (Vida Salvaxe e Mundo Rural) é un proxecto de cooperación interterritorial e trasnacional onde once Grupos de Desenvolvemento Rural españois de Asturias, Castela León e Galicia, máis GALs de Estonia, Portugal, Romanía e Suecia tratan de levar a cabo unha labor de concertación medioambiental, económica e social entre os axentes e colectivos implicados na problemática sobre a coexistencia entre a vida salvaxe (oso, lobo e linxe) e a agrogandería. Intentando impulsar a búsqueda de novos xacementos de emprego no medio rural e a riqueza do medio natural dos territorios implicados.



Os seus obxectivos son:

- Potenciar a gandería como actividade necesaria para a mellora da biodiversidade; poñendo en valor a figura do gandeiro como peza clave para desenvolver territorios sostibles.
- Incrementar a concienciación da poboación en xeral, sobre os problemas que ocasiona o lobo nalgúns dos territorios rurais e as necesarias melloras na súa xestión.
- Vertebrar os distintos elementos e axentes implicados (administracións medioambientais, gandeiros, cazadores, Organizacións Profesionais Agrarias, asociacións e entidades conservacionistas, administracións locais e empresarios rurais) para realizar unha eficaz xestión desta especie.

OVICA participou en varias reunións do proxecto en representación do sector para defender os intereses dos gandeiros. Nestas reunións fíxose fincapé na necesidade de recoñecer a labor dos gandeiros, o seu traballo e a súa problemática fronte a esta especie.

